

DOCUMENTAÇÃO E INFORMAÇÃO

Para umha história da ortografia galega

A ponênciā de 1979

Por. R. CARVALHO CALERO

Durante a celebraçom da Primeira Reuniom Galega de Estudos Clássicos, que ti-vo lugar em Santiago e em Pontevedra, do 2 ao 4 de Julho de 1979, o Conselheiro de Educaçom e Cultura da Junta de Galiza, dom Alejandrino Fernández Barreiro, estableceu contacto comigo a fim de conversar a propósito dos problemas da língua galega que afectavam ao seu Departamento.

O Conselheiro solicitou a minha colaboraçom para o tratamento de aqueles problemas. Mas estes estavam já postos, e de algum modo conduzidos, por entom, pois o senhor Fernández Barreiro fixera algum nomeamento e recabara algumha informaçom sobre o particular, e o seu antecessor no cargo, dom Marino Dónega Rozas, é de supor que nom se despreocupasse totalmente dessas questons. Mas até a data antes indicada, ningúem solicitara de mim tipo algum de assessoramento ou concurso.

Expressei ao senhor Fernández a minha opiniom sobre a conduçom do assunto no passado, tanto polo seu antecessor como por el mesmo; e como tal opiniom nom coincidisse com as reflexadas na política seguida, especialmente pola concepçom do idioma como realidade à vez geográfica e histórica, o Conselheiro propuxo-me a designaçom, para integrar-se no aparato da Conselharía, de umha pessoa que representasse a postura crítica que eu manifestava, para que esta postura gravitasse devidamente no campo das resoluçons que se adoptassem no futuro. Dei-lhe entom o nome de um lingüista que poderia encher essa funçom —que nunca chegou a desempenhar— e mostrei-me disposto a nom negar ao Conselheiro o assessoramento persoal e privado que me fosse, em cada caso, requerido, sem que isto supuxesse adscricom pola minha parte à titularidade de posto algum na burocracia autonómica.

Sem embargo, sucessivas entrevistas revelárom que o senhor Conselheiro desejava constituir umha Comissom de Lingüística, integrada por técnicos, que elaborasse umhas normas ortográficas ás que se ativesse a Junta, e que a minha disponibilidade nom oficial como eventual assessor nom se avinha com os seus planos, nos que me assinava a funçom de presidente da projectada Comissom.

Discutimos essa possibilidade e chegamos a um acordo, segundo o cal se formaria umha Comissom integrada por professores com título de doutor ou licenciado, expertos em lingüística, que fôrom quatro professores numerários de universidade e quatro professores do ensino médio. A Comissom ficou organizada como segue:

Dom Ricardo Carvalho Calero, Catedrático de Lingüística e Literatura Galega da Universidade de Santiago.

Dom José Luís Pensado Tomé, Catedrático de Filología Románica da Universida-de de Salamanca.

Dom António Santamarina Fernández, Agregado de Filologia Románica da Universidade de Santiago.

Dom José Luís Rodríguez Fernández, Adjunto de Língua e Literatura Portuguesa da Universidade de Santiago.

Dom Ramón Martínez López, Catedrático de Língua Espanhola e Literatura de Institutos de Bacharelato, jubilado. Antigo professor da Universidade de Austin, Texas (U.S.A.).

Dom José Filgueira Valverde, Catedrático de Língua Espanhola e Literatura de Institutos de Bacharelato, jubilado.

Dom Isidoro Milhám González-Pardo, Catedrático de Grego do Instituto Rosalia de Castro, de Santiago.

Dom Manuel Vidám Torreira, Agregado de Latim do Instituto de Bacharelato de Monelos (A Corunha).

Os nomeamentos fôrom resultado de um acordo entre o Conselheiro e o Presidente da Comissom. Da exclusiva responsabilidade de aquel fôrom as designações de Dom Ricardo Carvalho Calero, Dom José Filgueira Valverde, Dom António Santamarina Fernández e Dom Manuel Vidám Torreira. Eu propuxem, e o Conselheiro aceitou sem discuti-los, os nomes dos restantes membros da Comissom. Mesmo eu fixem as gestos que conduzírom à aceitaçom desses nomeamentos polos senhores designados à proposta minha. Como é evidente, inspirei-me no feito de que todos eles eram conhecidos como investigadores no campo da filologia galega. Lembremos, por exemplo, as edições de Sarmiento por Pensado, da traduçom da Grande e General Estória por Martínez, de Joám Airas por Rodríguez, ou os Comentários à Antífona da Cantiga de Cabanilhas por Milhám. Em questons de normatizacãom da língua, alguns trabalharam algo, outros nada. Mas todos se consideravam aptos para o labor de assessoramento técnico que caracterizava à Comissom.

Como era natural, a proposta de normativa ortográfica devia elaborar-se mediante a formulaçom de umha ponênciia que logo passasse ao pleno da Comissom. Por aconselharem-no assi razons de facilidade e eficácia, propuxem que aquela ponênciia estivesse constituída polos três professores da Universidade de Santiago que formavam parte da Comissom: o Catedrático Carvalho, o Agregado Santamarina e o Adjunto Rodríguez. Os três pertenciam à Faculdade de Filologia, e, portanto, tinham os seus despachos na mesma planta do mesmo edifício, a planta quinta do edifício número 1 da Praça de Maçarelos, antigo Colégio de Exercitantes fundada polo Arcebispo Yermo, cujas armas ostenta a fachada.

Aceitada por unanimidade e sem discussom esta proposta, começamos imediatamente as sessons de trabalho no despacho do Presidente, Chefe do Departamento de Filologia Galega. Trabalhamos arreu, e chegamos a accordos unánimes, que, por suposto, eram resultado muitas vezes de transacçons, pois na ponênciia se achavam representados distintos pontos de vista sobre a orientaçom da ortografia do idioma. Mas devo dizer que jamais se negárom por ningúém os principíos que alguém professasse. Havia matizes na valorizaçom que procedia dar aos feitos históricos ou à sincronia actual, à atençom às normas vigentes noutras áreas galego-portuguesas e à receptividade social. Mas todo o mundo —os três que éramos— considerava todos esses factores dignos de ser tidos em conta. Jamais houvo votaçom, de jeito que os accordos se tomárom por unanimidade, como dixem. Nalguns casos, certamente, depois de prolongados debates. Mas sempre se achaou umha fórmula que assumírom todos os presentes. Nengum dos membros da Ponênciia estivo ausente em sessom algumha das celebradas. Houvo, pois, freqüentes transacçons, mas nada se accordou por maioria —que teria de ser de dous votos contra um— senom por geral consenso. Quando nalgum ponto nom se logrou a unanimidade, o que nunca ocorreu em questons fundamentais, esse ponto nom se incluiu no texto, com o que se entende de ser opcional a solução. Nom lembro mais que um caso desta classe. Quando umha forma verbal acabada em consoante nasal vai seguida do pronom de terceira persoa, que representa o objecto directo da açom transitiva, ou um predicado atribu-

tivo, esse pronome o, a, os, as, antigamente lo, la, los, las, conserva, assimilada por aquela consoante nasal final do verbo, a própria consoante inicial (l>n). Entom caberia escrever, dentro do sistema da ponêncía, mataron-no (forma mais etimológica), ou mataron-o, e mesmo mataro-no (forma mais fonética). O mesmo son-no, (so-no): ¿Es ti o novo profesor? Son-no. Claro que o son. Nom ficando convencida a ponêncía, como unidade, da superioridade dumha grafia sobre a outra, nom se incluiu esse ponto na preceptiva, transferindo-o assi à livre decisom individual.

Assi foi todo. Qualquer espécie que poda circular a este respeito e que se afaste desta informaçom é errónea, e nom pode proceder de nengum dos ponentes, cujas firmas sem reservas —como nom fossem reservas mentais, que seria temerário conjecturar— figuram na acta correspondente.

Esta ponêncía sofreu modificaçons no texto aprovado polo pleno da Comissom, modificaçons que ao incrementar os casos opcionais, restárom firmeza à regulaçom, ainda que sempre cabia umha aplicaçom coerente da mesma. Mas o texto da Comissom foi publicado e é bem conhecido. Em troca permanecia inédito o da Ponêncía.

Este texto é já história. Creio que o momento é oportuno para dá-lo a conhecer, juntamente com outros documentos relacionados com el, sem outro ánimo que o de contribuir a fornecer informaçom sobre a história da nossa ortografia.

1. ACTA DE CONSTITUCIÓN DA COMISIÓN DE LINGÜÍSTICA

No dia 20 de outubro ás 10 da mañá constituiu-se, sob a presidéncia do titular da Consellaria de Educación e Cultura da Xunta de Galiza, D. Alexandrino Fernández Barreiro, a Comisión de Lingüística adscrita á mesma e integrada polas seguintes persoas:

Presidente: D. Ricardo Carballo Calero

Vicepresidente: D. Ramón Martínez López

Vogais: D. Xosé Fernando Filgueira Valverde

D. Isidoro Millán González-Pardo

D. António Santamarina Fernández

D. Xosé Luís Pensado Tomé

D. Manuel Vidán Torreira

Secretario: D. Xosé Luís Rodríguez Fernández

A sesión, a que asistiron todos os membros, foi aberta polo Sr. Fernández Barreiro, que focou os obxectivos que debería desenrolar a Comisión, basicamente os que constan no decreto da sua constitución. Respondeu-lle a seguir o Presidente da mesma, Sr. Carballo Calero, que se referiu ao propósito firme dos ali reunidos de traballaren asiduamente na realización do seu cometido; aludiu tamén á posibilidade de un desexábel acordo xeral, dado que entre os entendidos as diferenzas non eran tan grandes como a opinión pública erroneamente podería crer, e por outra parte había importantes aportacións de instituicións, e de particulares, das que evidentemente se partiría para ben encamiñar a problemática da normativización da lingua, normativización que debe ter en conta dous factores básicos: a necesidade de reintegrar o galego no ámbito occidental a que pertence e a conveniencia de ter en conta en todo momento a receptibilidade social para as normas propostas.

Posteriormente, retirou-se o Sr. Conselleiro de Educación e Cultura e comezou a primeira sesión de traballo que atendeu sobretodo ao aspecto organizativo, para conferir á Comisión unha maior efectividade e celeridade no desempeño da sua función. Acordou-se, en consecuencia, a constitución de grupos ou subcomisións de traballo, concretamente as seguintes:

a) Unha subcomisión permanente, constituída polo Presidente, o Vicepresidente e o Secretario, que respondese basicamente ás necesidades apontadas no artigo 2.º da criación da Comisión de Lingüística.

b) Unha subcomisión de regulamento ortográfico (conforme o artigo 3.º do antedito decreto de creación da Comisión), constituída polos Sres. Carballo, Santamarina e Rodríguez, en atención á sua ubicación na Facultade de Filoloxía, o que ofrece unhas condicións adecuadas de traballo para a preparación das ponencias que posteriormente serán apresentadas ao pleno da Comisión.

c) Unha subcomisión de regulamento de rexime interno, constituída polos Sres. Martínez López, Millán e Rodríguez, segundo o artigo 5.º do Decreto, coa finalidade conseguinte de estruturar o funcionamiento e procedimentos de traballo, entre outras que constan no citado artigo, na Comisión.

Estes grupos de traballo, organizados como se indicou en procura dunha maior operatividade da Comisión, serán en todo momento abertos a todos os membros da mesma que espontaneamente se queiran somar para a realización das suas funcións específicas.

A subcomisión de regulamento ortográfico, pola sua parte, comezará as suas sesións de traballo no dia 22 ás sete da tarde, no Departamento de Galego da Facultade de Filoloxía.

Do que como Secretario dou fe, e asino esta acta na data arriba indicada, co visto e praz do Señor Presidente.

R. Carballo

J. Luís Rodríguez

2. CIRCULAR DE ENVÍO DA PONÉNCIA

Santiago, 29 Xaneiro 1980.

Sr. D.

Querido amigo:

A ponencia à que se encomendou a redacción das bases ortográficas da lingua galega segundo acordo adoptado polo pleno, depois de moitas sesións de traballo, chegou ás conclusións que agora se lle adxuntan para que as considere, a fin de poder tomarmos unha decisión sobre elas na próxima reunión da Comisión de Lingüística, para a que será oportunamente convocado.

As bases son o resultado da concorréncia de moitos puntos de vista e de distintos factores que poden influir na opción por uns ou outros. Non estimamos conveniente unha rixidez dogmática que ignore os diversos condicionamentos que as circunstancias impoñen. Por iso nalguns extremos preferimos propugnar unha certa liberdade para o usuario da lingua.

Temos razoado estas decisión de xeito sumário nos casos que nos pareceron más importantes. Confiamos en que este material sexa de utilidade para a formulación das conclusións definitivas.

Cordialmente, R. Carballo Calero. Presidente da Comisión de Lingüística.

3. PONÉNCIA

COMISION DE LINGÜÍSTICA

NORMAS ORTOGRÁFICAS DO IDIOMA GALEGO

Santiago, decembro de 1979

ÍNDICE XERAL

	Páxs.
1. O alfabeto	3
2. Acentos e regras de acentuacion	4

3. O trema ou diérese	8
4. Os pontos de interrogacion e exclamacion	8
5. O trazo ou guion	8
6. Sobre contracciones e similares	9
7. Algunhas terminacions	11
8. Sobre a formacion do feminino	11
9. Sobre a formacion do plural	12

Observacions ás normas

• O alfabeto (1)	14
• Acentos e regras de acentuacion (2)	14
• Os pontos de interrogacion e exclamacion (4)	16
• O trazo ou guion (5)	16
• Sobre contracciones e similares (6)	17

1. O alfabeto.

1.1. Eis a lista e o nome das letras que constituem o alfabeto galego:

a (a), b (be), c (ce), d (de), e (e), f (efe), g (gue ou xe), h (agá), i (i), l (ele), m (eme), n (ene), ñ (eñe), o (o), p (pe), q (que), r (erre), s (ese), t (te), u (u), v (uvé), x (xis), z (ceta).

1.2. Observacions:

1.2.1. Completan o cuadro destes signos básicos da escrita usual as combinacions seguintes: *ll, rr, ch, nh, gu, qu*. Convén notar que o dígrafo *nh* ten na ortografía corrente o valor de *n* velar (*unha, algunha, nengunha...*); a combinación *qu* sinala o son de *k* diante de *e, i*, e na escrita etimolóxica empregase tamén, salvo rara excepción, para representar a secuencia *ku* mais vogal.

1.2.2. O signo *j* (xota) usa-se na escrita etimolóxica.

1.2.3. As letras *k* (ca), *w* (uvé dobre ou duplo), *y* (i grego) empregan-se, afora certas abreviaturas, en palabras foráneas non asimiladas.

1.2.4. O *h* (agá) é letra muda salvo nos casos en que, en combinacion con outra letra, forma un dígrafo de valor preciso. Como muda só se utiliza en posición inicial de palabra, conforme é habitual, e nas palabras derivadas por prefixación cando exista nas primitivas (*prehistória, coherdeiro, rehabilitar...*), con excepción dos prefixes acabados en nasal, basicamente *in-* (*inóspito, inábil, inibicion...*). Tamén se utiliza en posición final nalguns monosílabos interjectivos así fixados pola tradición: *ah, eh, oh, etc.*

2. Acentos e regras de acentuacion.

Para o primeiro punto ofrecen-se duas posibilidades (a, b) sobre as que deberá pronunciar-se esta Comisión:

2.1. a) O galego utiliza na escrita usual un único tipo de acento (o acento agudo:) que sinala sempre tonicidade, salvo nos casos de contracciones como *á, ás, ó, ós, prá,* etc. A presenza ou auséncia desta marca pon de manifesto a sílaba tónica da palabra de acordo coas regras seguintes.

2.1. b) O galego utiliza na escrita usual dous tipos de acentos: grave (') e agudo ('). O acento grave sinala sempre atonicidade e, sobre *e* e *o*, abertura; utiliza-se en contracciones como *à, às, ò, òs, prà...* e, por razons de claridade, pode-se empregar con valor diacrítico segundo o parágrafo 2.2.4.3. O acento agudo indica sempre tonicidade, e a sua presenza ou auséncia pon de manifesto a sílaba tónica da palabra de acordo coas regras seguintes:

2.2. Regras de acentuacion.

2.2.1. Palabras agudas. Levan acento gráfico as palabras de mais dunha sílaba que acaban en *-a, -e, -o*, seguidos ou non de *-n, -s, ou -ns*, exceptuando-se (Novamente se ofrecen duas redacciones sobre as que a Comisión haberá de decidir)

- a) —o caso dos finais en *-on*, *-ons* que, como agudos, non se acentuan. En consecuencia:
- b) —o caso dos finais en *-on*, *-ons*, e *-ans* que, como agudos, non se acentuan. En consecuencia:

—Acentuarán-se: *irmá*, *irmás*, *irmán*, (*irmáns*); *café*, *cafés*, *refén*, *reféns*; *abó*, *abós*; etc.

Non se acentuarán: *animal*, *cantar*, *capaz*, *segrel*, *comer*, *avidez*, *caracol*, *amor*, *veloz*, etc. Tampouco se acentuarán: *ali*, *varonil*, *dormín*, *confins*, *colibrís*, *contrai*, *aneis*, *bocoi*, *heroi*, *Permui*; *seminu*, *taful*, *algun*, *alguns*, *calambur*, *semicrus*, *callau*, *cantou*, *comeu*, *chapeu*, *dormiu*; etc.

Para os vocábulos acabados en *-i*, *-u* teña-se, non obstante, en conta o parágrafo 2.2.2.1.

2.2.2. Palavras graves. Levan acento gráfico as palabras graves non acabadas en *-a*, *-e*, *-o*, seguidas ou non de *-n*, *-s* ou *-ns*, con excepción das terminadas en *-on* que, como graves, se acentuan, e dos casos indicados en 2.2.2.1. En consecuencia:

—Acentuarán-se: *ámbar*, *canibal*, *tórax*, *carácter*, *amábel*, *Fernández*, *fórceps*; *Vítor*, *fútbol*; *móvil*, *móveis*, *ténis*, *Félix*; *álbum*, *álbuns*, *Vénus*, *Pólux*; etc. Tamén se acentuarán: *amáron*, *comérón*, *víron*...

—Non se acentuarán: *casa*, *casas*, *cases*, *casen*, *caso*, *casos*... Tampouco se acentuarán: *tia*, *querias*, *sabian*; *lie*, *cries*, *mien*; *tio*, *rio*, *vacios*; *atribua*, *conceituas*, *preceituan*; *sue*, *sues*, *suen*; etc.

2.2.2.1. Contra a regra enunciada, levarán acento calquer *i* ou *u* tónicos que por si sós ou seguidos de *s*, e precedidos de vogal, formen sílaba. Desta arte:

—Acentuarán-se: *ái*, *cafeína*, *país*, *egoísta*, *raíces*; *Esaú*, *peúga*, *amiúdan*, *viúva*, *balaústre*; *saía*, *caía*, *moía*, *doía*, *destruía*, *posuía*; etc.

Non se acentuarán: *Coimbra*, *ainda*, *cain*, *cair*, *raiz*, *xuiz*, etc.

Nota. Para o caso de apelidos como: *Maiz*, *Fraiz*, *Fouz*, etc., recomenda-se, consecuentemente, a acentuacion: *Máiz*, *Fráiz*, etc.

En casos como *Güiande*, *Güiana* postula-se, por motivos de claridade gráfica, o emprego do trema ou diérese sobre o *u* cando este non sexa mudo, conforme se di no parágrafo 3.1.

2.2.3. Palabras esdrúxulas. Acentuan-se todas. A efectos ortográficos, as palabras acabadas en duas vogais, que na pronúciā oscilan entre hiato e ditongo crecente, consideran-se esdrúxulas e, en consecuencia, levan acento gráfico. Así pois:

—Acentuarán-se: *cántico*, *bébedo*, *sétimo*, *cóncavo*, *pórtico*, *insípido*, *lúcido*. E tamén: *cámbio*, *léria*, *António*, *língua*, *mágoa*, *ídóneo*, *óseo*...

Non se acentuarán: *raia*, *saia*, *maio*, *choio*, segundo se deduz do apartado 2.2.2.1.

2.2.4. Acentos diacríticos. O acento agudo (ou o grave en caso de atonicidade) cumple tamén unha función diacrítica cando se utiliza para diferenciar dous vocabulos que, na sua auséncia, serían graficamente idénticos. Así:

2.2.4.1. En exemplos como os seguintes, tan frecuentes no discurso:

à, às/á, ás (prep. + art.)	a, as (art.; prep.)
ò, òs/ó, ós (prep. + art = ao, aos)	o, os (art.)
prà/prá (pra + art. = para a)	pra (reducción de para)
prò/pró (pra + art. = para o)	pro (reducción de pero)
cà, cò, càs, còs/cá, có, cás, cos (ca + art = que a...)	ca (conx. = que; con + art.), co, cas, cos, cas (con + art. = co, coas...)
dá, dás (vbo.)	da, das (prep. + art.)
dé (vbo.)	de (prep.)
pór (vbo.)	por (prep.)

vés, vén de vir)	ves, ven (de ver)
dó (subs.)	do (prep. + art.)
nó (subs.)	no (prep. + art.)
só (único, únicamente)	so (variante de <i>sob</i>)
póla (de árbore)	pola (prep. + art.; galiña nova)

Noutros casos en que se poda producir anfiboloxia, deixa-se liberdade ao usuario para utilizar acentos diacríticos que confiran claridade à mensaxe escrita, procurando, non obstante, acentuar o elemento tónico do par, e, se os dous son tónicos (ou átonos, contando co acento grave), o aberto. Así:

2.2.4.2. En palabras como *que*, *como...* plurifuncionais. En caso de anfiboloxia ocasional, resolverá-se mediante o uso diacrítico do acento: *xa sabes qué hai* frente a *xa sabes que hai*.

2.2.4.3. En vocábulos pertencentes à mesma clase, ainda que semanticamente ben distanciados: *o óso do oso* (óso do esqueleto; oso, animal). O mesmo co acento grave: *Un cérdeiro non é un cordeiro* (*cérdeiro*, que fai cordas; *cordeiro*, cria de ovella, año). E en casos límites poderá-se ainda acudir ao acento circunflexo: *A pôla está xunto à póla; vai pola pôla* (*pôla*, galiña nova; *póla*, ramo de árbore; *pola*, prep. + art.).

2.2.4.4. En vocábulos pertencentes a clases diversas que, no entanto, poden resultar equívocos no discurso: *más non lle falo sobre iso* frente a *mais non lle falo sobre iso* (*más*, adv.; *mais*, conx.); *dixo-lle que fóra* diferente de *dixo-lle que fora* (*fóra*, adv.; *fora*, vbo.).

2.2.4.5. Nas formas *cantamos*, *comemos*, *partimos*, idénticas, nos verbos regulares, para o perfeito e o presente. Pode ser útil sinalar inequivocamente o tempo verbal, o que se consegue por medio do acento diacrítico nas formas do pasado: *cantar cantámos* *más non sabes o que* frente a *cantar cantamos*...

Nota. Non se acentuan nunca os demostrativos *este*, *esta*; *ese*, *esa*; *aquel(e)*, *aquela*, cos respectivos plurais, sexan adjectivos ou substantivos. Tampouco se acentua *un*, artigo ou numeral, nem os advérbios *en -mente*, por seren palabras graves e, conforme a regra, non acentuadas graficamente.

3. O tremor ou diérese.

Utiliza-se en galego só sobre as vogais *u*, *i*, nos seguintes contextos:

3.1. Na combinación *gu* mais vogal. O tremor sobre o *u* sinala unicamente que este é pronunciado, mais non informa se a secuencia resultante se realiza como ditongo crecente (*lingüística*), decrecente (*agüiro*) ou como hiato (*Bagüin*, *Güiande*).

3.2. No caso de *qu* mais vogal *e* ou *i*, na escrita etimolóxica. O tremor indica que o *u* se articula; *consequente*.

3.3. Sobre un *i* átono que forme sílaba por si só. Este uso reduce-se ás persoas 5 e 6 dos imperfeitos de verbos como *cair*, *sair* e similares, nos que as formas graves (*caíamos*, *saímos*) alternan coas esdrúxulas (*caíámos*, *saíámos*). O emprego do tremor permite a distinción das formas graves do imperfeito con relación ás respectivas do presente do subxuntivo (*caíamos*, *saímos*).

4. Os puntos de interrogacion e exclamacion.

Dispensa-se o uso do punto inicial de interrogacion (?) en oracions interrogativas comezadas por pronomé ou advérbio interrogativos ou en oracions breves en que a sua ausencia non afecte á claridade da mensaxe, sendo, en consecuencia, só obligatorio en posición final de frase (?). O mesmo se recomenda para o punto de exclamacion. Así: *Que queres de mim? Aonde vas con iso? Estarás ás seis no café?* E tamén: *Que me contas! Canto me doi! Esta é unha magnífica noticia!*

5. O trazo ou guion.

O trazo de union, tamén chamado hifen, utiliza-se en galego nos seguintes casos:

5.1. Nas palabras compostas, en caso de non estaren ainda os seus elementos, no plano fónico e semántico, perfeitamente fusionados: *tráxico-cómico*, *sócio-económico*, *guarda-civil*.

5.2. Para marcar a ligazon entre verbo e pronom enclítico, mantendo cada vocáculo a sua acentuacion própria a efectos gráficos: *collo-o*, *colle-lo*, *collé-lo...*

5.3. No caso dos pronomes *nos*, *vos*, *lles* mais o pronom *-lo* (variante de *o*) que se conservou nesta combinacion: *no-lo*, *vo-lo*, *lle-lo*, *no-la*, *vo-los*, etc.

5.4. Entre a partícula presentativa *eis* e un pronom: *eis-me*, *eis-te*, *ei-lo...*

5.5. De modo facultativo, e coas limitacions sinaladas en 6.2.4., nos contextos seguintes de:

5.5.1 Infinitivo ou forma persoal do verbo acabada en *-r* ou *-s* mais a forma *-lo* do artigo (variante de *o*), resultante dun proceso assimilatório: *Debes comprá-las rífas se quere-lo prémio* (Ou *Debes comprar as rífas se queres o prémio*).

5.5.2. Pronom átono *nos*, *vos*, *lles* mais a variante *-lo* do artigo: *Vin-vo-lo can* (Ou: *Vin-vos o can*).

5.6. Para, en fin de liña, indicar que unha palabra se completa na liña seguinte. É de subliñar que, no caso de palabras ligadas por trazo, cando no fin de liña a particion coincida co trazo, este haberá de repartir-se no principio de liña seguinte: *Este mel tan soboroso deu-/mo a vosa mai*.

6. Sobre contracciones e similares.

Sendo a regra xeral a de escreber as palabras na sua integridade, no entanto, conforme a dinámica histórica da lingua e as demais normas do sistema, parece oportuno indicar algunas contracciones, establecendo dentro delas dous grupos: obligatórias e facultativas.

6.1. Contracciones obligatórias:

6.1.1. A prep. *a* co art. definido: *à*, *ás*, *ao* (*ò*), *aos* (*òs*).

6.1.2. A prep. *con* co art. definido: *co*, *coa*, *cos*, *coas*.

6.1.3. A prep. *por* co art. definido: *polo*, *pola*, *polos*, *polas*.

6.1.4. A prep. *de* co art. definido: *do*, *da*, *dos*, *das*; cos pronomes persoais tónicos de terceira persoa: *del(e)*, *dela*, *deles*, *delas*; cos pronomes demostrativos: *deste*, *desa*, *disto*; *dese*, *desa*, *diso*; *daquell(e)*, *daquela*, *daquilo*, cos seus respectivos plurais.

6.1.5. A prep. *en* co art. definido e indefinido: *no*, *na*, *nos*, *nas*; *nun*, *nunha*, *nuns*, *nunhas*; cos pronomes persoais tónicos de terceira persoa: *nel(e)*, *nela*, *neles*, *nelas*; con outras formas pronominais comezadas por vogal: *neste*, *nesa*, *naquilo*, *algum*, *nalgo*, *noutro...*; *nourora*, etc.

6.1.6. A reducion *pra* da prep. *para*, en caso de uso, co art. definido: *prò*, *prà*, *pròs*, *pràs*. O mesmo se postula coa conj. *ca* e o art. definido: *cò*, *cà*, *còs*, *càs*.

6.1.7. Os pronomes persoais átonos co pron. *o* e as suas transformacions: *mo*, *ma*, *mos*, *mas*; *cho*, *cha*, *chos*, *chas*; *llo*, *lla*, *llos*, *llas*. Para as contracciones co pronom *-lo*, alomorfo de *o*, cfr. apartado 5.3.

6.2. Contracciones facultativas. Eis as principais:

6.2.1. A prep. *de* co art. indefinido: *dun/de un*, etc., pron. indefinido: *doutro/de outro*, *dalgún/de algun...*, ou alguns advérbios: *daqui/de aqui*, *onde/de onde*, etc.

6.2.2. A prep. *con* e o art. indefinido: *cun/con un*, etc.

6.2.3. Os demostrativos co pron. *outro*: *estoutro/este outro*, etc.

6.2.4. Algunhas formas verbais e o artigo definido, o que leva na escrita a eliminación de un *-r* ou *-s* finais e a aparicion da forma *-lo* do artigo. É potestativa a sua representación nos mesmos contextos en que se verifica a da forma pronominal *-lo*, isto é:

6.2.4.1. Tras infinitivo ou forma persoal acabada en *-r* ou *-s*: *Após gañá-lo xogo el, recebeste-lo prémio todos vós* (Ou: *Após gañar o xogo el, recebestes o prémio todos vós*).

6.2.4.2. Tras os pron. átonos *nos*, *vos*, *lles*: *Dade-no-lo viño e facemos-vo-lo traballo* (Ou: *Dade-nos o viño e facemos-vos o traballo*).

6.2.4.3. Tras o presentativo *eis*: *Ei-lo cabalo do amo* (Ou: *Eis o cabalo do amo*).

Este fenómeno de índole asimilatória, que na fala se pode dar en muitos mais casos, non se representará, mesmo nestes contextos citados, nas seguintes situacions:

a) Cando se realiza unha pausa, despois das formas verbais ou pronominais indicadas: *O que queremos nós? Non queremos diñeiros, queremos* (pausa) *a liberdade*.

b) Cando às formas indicadas segue o suxeito: *Deu-lles de comer o pai*.

c) Cando segue un complemento en aposición: *Afonso X, que é xusto chamar o Sábio, foi grande escritor*.

d) Cando segue complemento constituído por adxectivo ou advérbio substantivados: *Chegaron a ver o mellor. Querian acoller o ben e non receber o mal*.

7. Algunhas terminacions.

É de potenciar o uso das seguintes terminacions, por seren xenuinamente galegas:

7.1. *-aria: romaría, pescadaria, consellaría...*

7.2. *-bel: amábel, probábel, posíbel, atribuíbeis...*

7.3. *-zon: emigrazon, perseguizón, inflamazon...*

7.4. *-son: prisón, confeson, repercusón...*

7.5. *-se: análise, crise, tese, síntese...*

7.6. *-te: meninxite, colite...*

7.7. Os casos de *-zo*, *-za* conservados na nosa ou noutras áreas do sistema: *crenza, pertenza, xustiza, andazo, cansazo, xuízo...*

8. Sobre a formacion do feminino.

O feminino das palabras acabadas en *-án* fai-se en *-á* (*irmán, irmá; alemán, alema*), salvo algunha voz irregular (*can, cade/a*). Os acabados en *-on* mudan esta terminacion en *-oa* (*patron, patroa; leon, leoa*), afora algun irregular (*baron fai baronesa*) ou no caso do sufixo aumentativo ou aumentativo-despectivo *-on* con feminino en *-ona* (*solteiron, solteirona*).

9. Sobre a formacion do plural.

As palabras acabadas en *-l* substituen esta consoante por *-is* (*animal, animais; tal, taís; papel, papeis; notábel, notábeis; español, españois; azul, azuis*), mais no caso de *-il* temos que distinguir entre *-il* tónico, onde temos só *-is* (*cuadril, cuadris; infantil, infantis*), e *-il* átono, con plural en *-eis* (*fácil, fáceis; móvil, móveis*).

Diferente é o caso dos vocábulos terminados en *-le*, que se usan con frecuencia co *-e* apocopado. O seu plural é o formado normalmente sobre a forma plena: *vales, meles, foles, tules, eles, aqueles*.

OBSERVACIONS ÁS NORMAS

O alfabeto (1)

a) Na escrita etimolóxica o nome da letra *g* será unicamente o de «xe», como ocorre no resto do ámbito hispánico. Na escrita usual poderá-se chamar indistintamente «xe» ou «gue».

b) As combinacions das grafemas *c*, *l*, *n* coa letra *h* indicando palatalizacion, se ben orixinárias do galo-románico, están dentro da tradizón histórica da ortografía galega, ainda que só a primeira delas sexa de regra na escrita usual. A adopción de *nh* para representar o *n* palatalizado obrigaria-nos a utilizar outro signo diferente para o valor de *n* velar, por exemplo *mh*, perfeitamente coñecido ademais na historia da lingua. O criterio da coeréncia imporia, non obstante, neste suposto, o uso de *-m* final, asimismo con sobrada base histórica. A vantage deste cambio consistiría na proximacion á escrita das outras áreas do sistema galego-portugués, e, à vez, na eliminacion das combinacions castellanas *ll* e *nn* (que posteriormente deu lugar a ñ).

c) A eliminación do *h* mudo é tendéncia, sobretodo en posición medial, que ven de lonxe. Unha das razons poderosas desta eliminación é a de evitar, en cultismos, a combinación *nh*, que na escrita corrente ten o valor de *n* velar: *inóspito* (e non *inhós-pito*), *inumano* (e non *inhumano*), *inábil* (e non *inhábil*, etc., o que tamén se poderia realizar separando, por exemplo, o prefixo con trazo: *in-humano*.

Acentos e regras de acentuacion (2)

a) *Tipos de acentos.* O ideal seria que o sistema de acentos, alén de sinalar a sílaba tónica, indicase o timbre, aberto ou fechado, das vogais *o*, e tónicas, o que se poderia realizar, conforme a práctica luso-brasileira, utilizando o acento agudo (') para indicar vogal tónica aberta (salvo, naturalmente, no caso de *a*, *i*, *u*, onde non existe a oposición aberta - fechada), e o acento circunflexo (^) para sinalar vogal fechada, reservando-se o acento grave (˘) para marcar vogal átona e aberta. Parece no entanto prematuro, por falta ainda de estudos suficientes de tipo fonético, introducir na escrita corrente esta distinción acentual, excluindo o caso de pares como *pola* (prep. + art.), *pôla* (galiña nova), *póla* (ramo de árbore), en que é conveniente usá-la en caso de ambigüidade contextual.

O caso de acento grave, que como se dicia sinalaba atonicidade e, polo menos sobre *e* e *o*, abertura, é algo diferente. Poderia-se introducir neste momento, porque o seu emprego —en contracciones como *á*, *ás*, *ós*, *prá*, etc.— é fácil e claro, mais a sua reducida utilización poderia tamén facé-lo dispensábel, polo menos de momento. Non obstante, a sua admisión desde xa na escrita corrente, alén de facilitar a distinción entre algunos pares de vocábulos (v. gr.: *as*, artigo; *ás*, prep. mais art.; *ás* plural de nome de letra; *asas*), proporcionaría en contextos equívocos a posibilidade de distinguir diacríticamente palabras que só diferen polo seu vocalismo átono; así, por exemplo: *aprésar* (dar-se presa) frente a *apresar* (agarrar, aprisionar); *côrdeiro* (que fai cordas) por oposición a *cordeiro* (cria de ovella, año); *mólliño* (dim. de *móllo* = feixe, brazado) frente a *mollíño* (dim. de *mollo* = prebe); (*pêgada* (rastro, vestixio) diferente de *pegada* (fem. de *pegado*); *bêsteiro* (soldado armado de bêsta, ou fabricante delas) frente a *besteiro* (encarregado de bestas, arrieiro); etc. Conforme a regra xeral (2.2.4.1.) iría marcado o elemento aberto do par, o que só se pode conseguir co auxilio do acento grave.

b) *Regras de acentuacion.* Por motivo das circunstancias, a acentuacion galega foi, até época ben recente, unha cópia da castellana, o que supuña algúns vantaxes (a comodidade de usar un só sistema acentual para as duas línguas) e bastantes inconvenientes. Entre estes, o de non se adaptar, en certos casos, á estrutura da nosa lingua. Por exemplo, a acentuacion de palabras acabadas en ditongo crecente (e outro tanto se pode dizer das acabadas en *-on*, *-ons*, *-ans*) non é de rendimento, dada a extraordinaria abundancia en galego de formas como *amou*, *comeu*, *dormiu*, *animais*, *niveis*, *callau*, etc. En parecido caso temos os vocábulos acabados en *-i*, *-u*, seguidos ou non de consoante, que dispensan o acento como agudos por se-lo asi a maioria deles, en galego ainda mais que en castellano (o cast. *tesis* é en gal. *tese*, por ex.). En contra-partida, acentuar *ruldo*, *moldo*, *míudo*, *pais*, etc., en galego é necesario xustamente por esa tendéncia ao ditongo decrecente, indicando desta forma o acento que non se produz tal ditongo decrecente. Canto á recomendacion de acentuar *lería* e non *lería*

(de *ler*) non debe sorprender, por pertencer a segunda ao tipo de palabras que, con este final, non levan acento gráfico. Por outra parte, a distinción entre os vocábulos acabados en -ea, -eo, -oa átonos (*códea*, *ídóneo*, *mámoa*) e os acabados en -ia, -io, -ua (*glória*, *andámio*, *récua*), que a efectos de acento gráfico se viña facendo, non parece sustentar-se na pronunciación habitual galega, que normalmente non fai diferenciación entre eles, como indica a tendéncia a confundir graficamente os dous grupos, escrebendo por exemplo: *andáneo*, *glórea*, *língoa*, *mámua*, etc. Tendo en conta isto, o lóxico parece ser acentuar ambos os tipos de vocábulos, co cal nos aproximamos, ademais, à escrita luso-brasileira, que participa en conxunto desta mesma situación.

Os puntos de interrogacion e exclamacion (4)

As línguas da área occidental en que nos movemos non utilizan o ponto de interrogación ou de exclamación en posición inicial, por non ser necesario na maior parte dos casos. Portugueses e brasileiros que o utilizaron, non obstante, en normativas ortográficas anteriores, acabaron por abandoná-lo. Só o castellano o conserva. Às veces pode, efectivamente, ser útil marcar con claridade o principio da interrogación ou da exclamación; por isto parece recomendábel a sua presenza en posición inicial nestes casos, polo cal non se establece a sua total eliminación.

O trazo ou guion (5)


O trazo ou hifen é signo ortográfico utilizado ocasionalmente, se ben con insistencia, na nosa escrita, ainda que a miúdo con funcións non ben precisas. A sua introducción entre verbo e pronome enclítico, à maneira doutras línguas e falares hispánicos con exclusión do castellano, pareceu conveniente polas razons seguintes:

- a) A claridade gráfica que proporciona, sobretodo en línguas que, na colocación do pronome co verbo, tenden á posposición, o que acontece coa nosa.
- b) A importante distinción de homógrafos que facilita. Así: *fa-la* (*fas + la*) frente a *fala* (subst. ou vbo.); *ve-la* (*ves + la*) frente a *vela* (subst. ou vbo.); *po-la* (*pos + la*) oposto a *pola* (prep. + art.; cfr. *póla*, *póla*); *se-lo* frente a *selo* (subst. ou vbo.); *di-a* (*di + a*) frente a *día* (subst.); etc.
- c) A coeréncia coa representación da 2.^a forma do artigo, cando o que escrebe fai uso desta posibilidade (cfr. 6.2.4.): *Xoan, come-lo caldo? come-lo ou non?*
- d) A proximación á escrita luso-brasileira, área lingüística na que, xenuinamente, se sitúa o galego.

Sobre contracciones e similares (6)

A diferenciación entre contracciones obligatórias e facultativas parece resolver ben as indecisions historicamente apresentadas pola nosa ortografía, à vez que entraña co comportamento habitual que, con matices entre eles, mostran os luso-brasileiros. Establecido un elenco mínimo indispensábel de contracciones obligatórias, nos outros casos, en que a tradizón e/ou a pronunciación se mostran vacilantes, poderá-se facer uso da forma plena ou da contracta segundo as preferencias persoais ou as motivacións estilísticas que, en cada caso, podan concorrer, sen que esta razoábel flexibilidade supoña en modo algun falta da desexada fixación dentro dos criterios ortográficos que presiden estas normas.

Santiago de Compostela, Decembro de 1979



Xosé António Calero

